

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ó Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa).

TIPO DE LICITACIÓN: 225.789,17 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 27 de febreiro de 2018, ás 9:00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais:

- D. Xan Duro, representante do grupo CA.
- Dna. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	13/02/2018	6.336	A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ SA (NOSA)
2	14/02/2018	6.523	B27802503 NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
3	16/02/2018	6.908	B32197105 DESMACO S.L.
4	19/02/2018	6.963	B15025372 MARTINEZ MONTES E HIJOS SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA
5	19/02/2018	7.002	B15261308 CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL
6	19/02/2018	7.004	B15293145 CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
7	19/02/2018	7.023	B15648223 ALCOMTE GALICIA, SL
8	19/02/2018	7.032	A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA
9	19/02/2018	7.050	B15608193 OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL
10	19/02/2018	7.056	B15411705 ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
11	19/02/2018	7.113	B15009533 F. GOMEZ Y CIA, SL
12	19/02/2018	7.115	B15410608 EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
13	19/02/2018	7.118	B70123005 JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL
14	19/02/2018	7.121	B70018981 OBRAS GALLAECIA SL
15	20/02/2018	7.167	B15360902 CANARGA CONSTRUCCIONES SL (*)
16	20/02/2018	7.188	B32404972 ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL(*)
17	20/02/2018	7.189	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL & EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC SL(*)
18	20/02/2018	7.191	B94106747 EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL(*)
19	20/02/2018	7.193	B32108334 HORDESCON, S.L. (*)
20	20/02/2018	7.194	B36533537 MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL(*)
21	20/02/2018	7.238	B15289614 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL(*)
22	20/02/2018	7.273	A15008485 ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA(*)

*Proposición recibida por correo

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	

15078DCON12I0BX%



A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que, en contra do acontecido nas últimas licitacións ás que presentaron oferta, as empresas ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL e EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL declaran non ser empresas vinculadas ós efectos do disposto no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP.

Ante esta aparente contradicción, a mesa acorda solicitar aclaración ás devanditas empresas sobre a súa situación actual

Sí declaran ser empresas vinculadas CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL e CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, por unha banda, e F. GOMEZ Y CIA SL e EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, por outra.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ó Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa).

TIPO DE LICITACIÓN: 225.789,17 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 20 de marzo de 2018, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
 D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
 D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.
 Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
 D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asiste: Dna. Rebeca Platero, en representación da Federación Gallega de la Construcción.

Iníciase a reunión dando conta o secretario da mesa da resposta das empresas ASFALGAL e EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS, á consulta realizada sobre a súa condición de empresas vinculadas tal e como declaraban en anteriores licitacións. Así, na súa resposta, sinalan que efectivamente elas mesmas viñan considerándose incorrectamente como empresas vinculadas, pero que recentemente descubriron que en absoluto reúnen os requisitos fixados no Código de Comercio para ser consideradas como tales, tendo en común unicamente un administrador mancomunado, circunstancia da que devén a confusión.

Tras esta aclaración, procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)	Mellora Prazo garantía	Mellora control de calidade	Mellora xestión de residuos
1	NEMESIO ORDOÑEZ SA (NOSA)	198.536,42	5 anos	1 %	1 %
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	161.800,52	5 anos	2 %	2 %
3	DESMACO S.L.	208.900,14	2 anos	1 %	1 %
4	MARTINEZ MONTES E HIJOS SOCIEDAD DE RESPONSABILIDAD LIMITADA	166.200,00	5 anos	1 %	1 %
5	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	159.926,47	5 anos	1 %	1 %
6	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	158.707,21	5 anos	1 %	1 %
7	ALCOMTE GALICIA, SL	155.041,32	5 anos	1 %	1 %
8	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	192.598,17	5 anos	1 %	1 %
9	OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	150.760,33	5 anos	1 %	1 %
10	ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	159.132,23	5 anos	1 %	1 %
11	F. GOMEZ Y CIA, SL	150.054,00	5 anos	1 %	1 %
12	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	152.334,00	5 anos	1 %	1 %
13	JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL	178.000,00	5 anos	1 %	1 %
14	OBRAS GALLAECIA SL	154.334,00	5 anos	1 %	1 %
15	CANARGA CONSTRUCCIONES SL (*)	162.809,92	5 anos	1 %	1 %

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	



16	ASFALGAL TECNICA VIARIAS SL(*)	144.211,54	5 anos	1 %	1 %
17	UTE BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL & EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC SL(*)	180.428,13	5 anos	1 %	1 %
18	EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL(*)	144.572,81	5 anos	1 %	1 %
19	HORDESCON, S.L. (*)	188.827,49	5 anos	1 %	1 %
20	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL(*)	140.708,50	5 anos	1 %	1 %
21	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL(*)	164.487,00	5 anos	1 %	1 %
22	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA(*)	152.349,62	5 anos	1 %	1 %

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios. De atoparse algunha das ofertas en situación de baixa anormal ou desproporcionada daráselle ós licitadores afectados o preceptivo trámite de audiencia, emitíndose o subseguinte informe de valoración da documentación xustificativa aportada para a súa presentación a esta mesa de ser o caso.

Ás 9:50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ó Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa).

TIPO DE LICITACIÓN: 225.789,17 euros máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de abril de 2018, ás 9:20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.
Dna. Belen Amor Gómez, en representación da Intervención municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, Xefe de Sección de Contratación.

En cumprimento do acordado na anterior reunión desta mesa, deuse audiencia ás empresas ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL e MARCONSA SL, xa que as súas ofertas atopábanse en situación de "valores anormais ou desproporcionados". Respostou ó requerimento unicamente a segunda delas, e preséntase agora o informe realizado polo enxeñeiro municipal de avaliación da documentación xustificativa aportada, na que se propón a súa desestimación, por falta da documentación necesaria ou non ser ésta adecuada ou completa.

Da análise do informe de valoración das ofertas finalmente admitidas despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL, polo que esta mesa de contratación, **ACORDA:**

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas empresas ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL e MARCONSA SL, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 144.572,81 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ó Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa).

TIPO DE LICITACIÓN: 225.789,17 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 31 de maio de 2018, ás 8.35 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Reunida a mesa coa finalidade de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, resulta que non se acredita correctamente a solvencia técnica.

A este respecto, o RXLCAP no seu artigo 11 establece, dado que o prego de aplicación non concreta uns criterios ou requisitos mínimos, que entenderase acreditada esta solvencia cando o importe anual das obras executadas nos últimos cinco anos sexa superior ao 70% do valor estimado do contrato no ano de maior execución.

A empresa proposta como adxudicataria efectivamente enumera unha serie de contratos que lle permitirían alcanzar esta contía mínima no ano 2017, pero unicamente gracias aos traballos realizados para a empresa ASFALGAL, coa que ten unha evidente relación. Isto non presupón, por suposto, ningunha irregularidade, pero o que sí resulta contradictorio é que o único certificado presentado para este ano 2017 sexa emitido por esta segunda empresa, para unhas obras adxudicadas polo Concello de Santiago, recoñecendo explicitamente un claro incumprimento do prego e da lexislación de contratos ó afirmar que a EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS SL foi subcontratista da totalidade das obras.

Ante as dúbidas suscitadas, a mesa acorda conceder á empresa proposta como adxudicataria un prazo de tres días para que presente documentación complementaria aclaratoria e necesaria para acreditar a súa solvencia técnica.

Ás 8.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	

15078DCON12I0BX%



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Obras de rexeneración do pavimento da calzada dos viais de acceso ó Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caaveiro-Fernando Casas Novoa).

TIPO DE LICITACIÓN: 225.789,17 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12 de xuño de 2018, ás 9:16 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación proceden a análise da documentación aportada pola empresa proposta como adxudicataria e que lle fora requerida aos efectos de completar e aclarar a presentada nun primeiro momento para acreditar a súa solvencia técnica.

O certificado aportado inicialmente referíase a unhas obras realizadas para este Concello e adxudicadas a empresa ASFALGAL. Deste certificado resultaba que na realidade as obras foran executadas ó 100% por EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS SL, en calidade de subcontratista, incumprindo os requirimentos legais de non poder superar o límite do 60% do importe de adxudicación.

Presenta agora de novo unicamente un certificado de, tamén como o primeiro, contía abondo para acreditar a solvencia requerida, pero segue sen resolver a cuestión de fondo. O certificado emítese pola empresa ASFALGAL, coa que, como xa se sinalou na reunión anterior, ten unha evidente vinculación, declarándose elas mesmas ata datas recentes como vinculadas a efectos de consideración das súas baixas económicas como anormais ou desproporcionadas. Non aclara nada ó respecto da irregularidade detectada no primeiro certificado presentado, nin aporta documentación complementaria acreditativa da solvencia declarada.

Como xa se sinalou na anterior reunión, a contía das obras acreditativas da solvencia é unha cuestión esencial, xa que teñen que alcanzar o límite do 70% do importe de adxudicación no ano de maior execución. E esta nova certificación adolece dun defecto esencial ó non determinar que parte da obra foi subcontratada a EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, impedindo por tanto a cuantificación da contía efectivamente executada.

En definitiva, tanto a viceinterventora municipal como o representante na mesa da asesoría xurídica, entenden que, tanto a documentación acreditativa da solvencia técnica alegada presentada inicialmente, como a aportada unha vez concedido o preceptivo prazo de tres días para a súa aclaración e subsanación, non permiten a esta mesa considerar correctamente acreditada a solvencia requerida para a execución destas obras.

Así, os certificados presentados son manifestamente insuficientes e os emitidos pola empresa ASFALGAL adolecen de defectos esenciais ó non concretar a porcentaxe de subcontratación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON12I0BX	<i>Expediente</i> CON/70/2017	

15078DCON12I0BX%



Todo isto indisociablemente unido ás sospeitas de colusión entre empresas á vista dos certificados emitidos entre empresas que se presentan á mesma licitación e que se acreditan entre elas a realización de obras, en clara contradicción coa prohibición recollida no artigo 145.3 do TRCLSP de que "*cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición*" e que "*a infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas*". A este respecto citar a recentísima sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 17 de maio pasado (asunto C531/16).

Polo tanto, e de conformidade co informado, os membros da mesa acordan por unanimidade.

Primeiro: Rexeitar a oferta presentada pola empresa EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS SL por non acreditar debidamente a solvencia técnica requerida para a execución das obras oobxecto desta licitación.

Segundo: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL, que acadou a seguinte máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 150.054 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA